



## BANDO INFORMATIVO

### SOLICITUDE DO BONO DE ALUGUEIRO SOCIAL DO PLAN REHAVITA

**MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA, ALCALDE do Concello de Oroso**

**INFORMA:** da apertura do prazo para solicitudes do Programa do bono de alugueiro social do Plan RehaVita, Plan galego de rehabilitación, alugueiro e mellora de acceso á vivenda.

**PERSOAS BENEFICIARIAS:** serán beneficiarias as seguintes unidades de convivencia:

- a) Que precisen axuda para asumir o custo de arrendamento da vivenda e cuxas especiais dificultades, determinaron que a persoa arrendadora interpuxera unha demanda de desafiuzamento.
- b) As de vítimas de violencia de xénero con dificultade para asumir o custo do arrendamento dunha vivenda e que residan nun recurso de acollida adscrito á Administración no momento da solicitude.
- c) Con dificultades para asumir o arrendamento dunha vivenda, que foran privadas da que tiñan en propiedade ou usufruto por circunstancias sobrevidas imprevisibles, tales como incendios, etc.
- d) Que, sendo beneficiarias do programa Aluga, xa gozaran da totalidade da subvención e finalizaran o período máximo de goce da mesma nos 6 meses anteriores á solicitude do Bono Alugueiro Social.
- e) Que, sendo arrendatarias dunha vivenda de promoción pública de titularidade do IGVS, finalizaran a vixencia do seu contrato, a partir da entrada en vigor desta orde.
- f) Que por circunstancias de emerxencia social e non alcanzar o límite mínimo de ingresos establecido no Programa de vivendas baleiras, a comisión de seguimento e coordinación do citado programa lles propoña a adxudicación dunha vivenda no citado programa.
- g) Que, residindo en vivendas de entidades financeiras ou do Sareb, en virtude de convenios de colaboración subscritos co IGVS, finalicen a vixencia do contrato de arrendamento nos 6 meses anteriores á solicitude do Bono de Alugueiro Social.
- h) Persoas menores tuteladas pola Xunta, para facilitarlles o acceso á vivenda na maioría de idade cando salgan da tutela.
- i) Persoas privadas da súa vivenda habitual por procedementos xudiciais de execucións hipotecarias.

**REQUISITOS:** poderán ser persoas beneficiarias do programa, as que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Empadramento e residencia afectiva nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia durante os 12 meses anteriores á data de presentación da solicitude da axuda.
- b) Ser titulares ou estar en condicións de subscribir un contrato de arrendamento nun concello da Comunidade Autónoma de Galicia, cunha duración mínima de un ano, con mención expresa da referencia catastral.
- c) Que a vivenda obxecto do contrato de arrendamento constitúa o domicilio habitual e permanente.
- d) Que a renda do contrato de arrendamento que se subvencione non supere os importes das bases.
- e) Que os ingresos da unidade de convivencia da persoa beneficiaria sexan iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM.
- f) Que ningún membro da unidade de convivencia teña vínculo de matrimonio ou relación análoga ca persoa arrendadora.
- g) Que ningún membro da unidade de convivencia teña no territorio nacional unha vivenda en propiedade ou usufruto.
- h) Que non poidan ser arrendatarias das vivendas xestionadas polo IGVS.
- i) Estar toda a unidade familiar ao corrente das obrigas tributarias estatais, autonómicas e ca Seguridade Social, e non ter ningunha débeda ca Administración Pública da Comunidade Autónoma.

**MÁIS INFORMACIÓN:** Departamento de Servizos Sociais do Concello, rúa do Deporte 5-7, baixo, Sigüeiro, Oroso. CITA PREVIA no teléfono 981 688 950 (e no DOG núm. 4 de 7 de xaneiro de 2019, modificado polo DOG núm. 248 de 31 de decembro de 2019)

**PRAZO DE PRESENTACIÓN:** ata **10 de decembro de 2021.**

Oroso, 29 de xaneiro de 2021.

Manuel Mirás, Franqueira.